



Khoedi é unha nena de dez anos que ten que deixar a súa casa do Senegal para instalarse en Vigo e poder estar co seu pai, un emigrante senegalés que xa leva varios anos residindo na cidade. Está en Europa, mais a súa cabeza e o seu corazón continúan en África.

As linguas de Khoedi

7 de setembro, domingo
Coa lúa crecente



Das 18 linguas que temos no Senegal eusó sei o **wolof** e o **francés**, que son as que utilizamos na casa. Con papá falo máis en **francés** e con mamá, en **wolof**. Entre eles empregan as dúas, aínda que quizais o fagan con máis frecuencia en **wolof**. E mamá, cando se enfada, sempre cambia ao **diola**, que é a lingua que utilizou toda a vida para relacionarse con Mamá Feriane. Papá tamén sabe **inglés** e as dúas linguas de aquí. Polas noites, para que vaíamos aprendendo cada vez máis, fálanos en **castelán** ou **galego**, que se asemellan moito ao francés.

Eu non entendía case nada, tan só algunhas frases e palabras que aprendera con madame Sylvie en Zinguichor, mais mamá dicía que era importante afacermos o oído aos novos sons aínda que comprendésemos pouco. [E se ía a algún comercio con papá estaba moi atenta ao que dicían, se ben neses casos eran sempre conversas máis doadas de entender.] Coidaba que a lingua ía ser unha barreira moi difícil, pero, case sen me decatar, atopeime con que cada vez comprendo máis e mellor o que falan na televisión e na rúa.

A Naima e mais a min, e tamén a mamá, axudounos moito o xogo que inventou papá ao pouco tempo de chegarmos. Cada noite facía no ordenador unha listaxe de palabras nos 4 idiomas e logo pegaba a folla, primeiro na neveira e logo en

30 calquera parte da casa; algúns días máis parecía un
 piso-dicionario, pois tiñamos todas as paredes em-
 papeladas con aquelas follas. Facíao así para que, ao
 batermos con elas a cada pouco, se nos fosen que-
 dando case sen decatármonos. Eran listaxes coma
 35 esta, que tomabamos coma un xogo e nos servían
 para practicar en calquera momento do día:

Francés	Wolof	Galego	Castelán
oui	waaw	si	sí
non	deeder	non	no
pain	mburu	pan	pan
eau	ndox	auga	agua
aujourd'hui	eg	hoxe	hoy
hier	demb	onte	ayer
merci	ërë-jëf	grazas	gracias
lune	weer	lúa	luna
arbre	garap	árbore	árbol

Cando falamos das linguas, Mareime explicoume que
 cantas máis sabes, máis doado é aprender outras novas.
 E debe ter razón, porque noto que cada vez me custa
 40 menos traballo, sobre todo se me falan amodo. Nestes
 últimos días, segundo con quen estea conversando, xa
 me sae unha lingua ou outra case sen pensar.

Amodo escríbese
 xunto como devagar,
 decontado, deseguido
 e talvez.



ÁRBORES


De maior, gustárame falar tantas como Mareimeu
 como papá. Nas páxinas finais do atlas hai un
 45 mapa das linguas do mundo que me fascina. Case
 sempre encontro nel algún detalle novo, sobre todo
 se me poño a comparalo co outro mapa de máis
 atrás, onde veñen todas as nacións. Non coinciden
 case nada, as fronteiras das linguas pouco teñen que
 50 ver coas dos países. Algunhas ocupan moita exten-
 sión, coma o chinés, e outras teñen un territorio tan
 pequeno que no mapa nin aparece. Alí pon que no
 mundo hai 5.000 linguas, aínda que non veñen
 todas, sería imposible usar tantas cores diferentes.

55 Cando o miro, abráame pensar que se poidan no-
 mear as cousas de tantos xeitos distintos, que unha
 árbore siga sendo a mesma aínda que teña unha va-
 riedade de nomes. Claro que, cando me paro a pen-
 salo, tampouco é exactamente igual, porque non é o
 60 mesmo dicir *garap* ca dicir *árbore*. Cando pronuncio
garap véñenme á cabeza os grosos baobabs, as ceibas
 inmensas, os coqueiros, os flamboiáns, que parecen
 arder no aire... Mentres que *árbore* ten unha cor máis
 apagada, e só se me acordan as que vin no parque do
 65 Castro ou as que viven entre o cemento na praza do
 Berbés.

Agustín FERNÁNDEZ PAZ, *Lúa do Senegal*, (2009).

COMPRENSIÓN LECTORA: As linguas de Khoedi

1. **Busca no dicionario** o significado das palabras que non coñezas.
2. Di se son **certos (C)** ou **falsos (F)** estes enunciados sobre "**As linguas de Khoedi**". **Corrixe** nos falsos **o que estea mal**.
 - a) Teg en wolof significa 'hoxe'.
 - b) No Senegal só se fala o francés.
 - c) Na casa de Khoedi fálanse tres linguas.
 - d) A nena asocia a palabra garap ás árbores autóctonas do seu país.
 - e) A familia procede de Zinguichor.
 - f) As fronteiras das linguas non coinciden coas dos países.
 - g) Cantas máis linguas sabe unha persoa, máis difícil é para ela aprender outras novas.
3. **Anota o nome das árbores** que aparecen no texto. A continuación, escribe o nome de **5 árbores** que haxa na túa zona.



NOMES PROPIOS
DOS LUGARES

4. **Subliña os topónimos** do texto. Despois escribe **10 topónimos** da túa zona.

A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

Official 2013 - Garrett McNamara desce onda xigantesca en Nazaré – Portugal

A localidade portuguesa do Canhão da Nazaré é un desfiladeiro submarino de orixe tectónica situado ao largo da costa de Nazaré, Portugal. A falla na placa continental con preto de 170 quilómetros de largo e cinco quilómetros de profundidade canaliza a ondulación do Océano Atlántico para a Praia do Norte, creando grandes ondas e proporcionando condicións únicas para a práctica máis radical do surf.

O día 31 de xaneiro de 2013, nesta mesma praia, o surfista Garret McNamara conseguiu desprazarse por unha onda xigantesca. O hawaiano é un dos surfistas máis experimentado do planeta e xa tiña no seu poder o récord de descer sobre unha onda de máis de 27 metros en 2011, tamén nesta praia portuguesa.

Tras a repercusión que a fazaña deste 31 de xaneiro tivo na Internet, o surfista agradeceu na rede as moitas mostras de apoio: «Grazas a todos polo apoio, significa moito para min. Hoxe foi un día sensacional».



COMPRENSIÓN ORAL: Surf de ondas xigantes

<https://www.youtube.com/watch?v= AjaB9OI344>

Marca como **verdadeira** ou **falsa** cada unha das seguintes **afirmacións**:

- a) O mar bravo asusta a todo o mundo.
- b) As ondas de Nazaré poden superar os 30 metros.
- c) Garret NacManamara surfou unha onda de case 30 metros hai un ano.
- d) Os dous peritos que están a analizar as imaxes son portugueses.
- e) Os surfistas portugueses tamén están en Nazaré.
- f) Portugal é unha referencia turística para os surfistas de todo o mundo.

Coñecemento da lingua. **Léxico**

A definición

Definir consiste en explicar o que é un ser, un obxecto, un lugar, un concepto, etc. As definicións atópanse nos dicionarios, enciclopedias... Pero tamén nun encrucillado ou nunha lección do libro de Ciencias Naturais.

Para aprender a definir I

As definicións comezan por encadrar o definido nunha clase, é dicir, cítase a clase xeral á que pertence. A continuación refírense as características principais, aquelas que diferencian esa palabra doutras que pertencen á mesma clase.

	Clase	Característica 1	Característica 2	Característica 3
Amorodeira	planta	que medra cos talos arrastrados polo chan,	ten flores brancas co centro amarelo	e dá os amorodos
Amortecedor	dispositivo	que se usa para evitar ou atenuar as sacudidas bruscas e vibracións,	sobre todos nos vehículos	



NOVO
Dicionario
da lingua galega

SANTILLANA
DERADOIRO



Pon en práctica

1. Relaciona as imaxes coa clase á que pertencen:



vehículo

parte do corpo

profesión

peza de vestir

moble

árbore

entidade de poboación

2. Estes grupos de palabras pertencen á mesma clase, diferénciaoas coas súas características máis destacadas:

doutor/a			
mariñeiro/a	aldea	laranxeira	xersei
xornalista	vila	piñeiro	saia
avogado/a	cidade	salgueiro	chándal

Para aprender a definir II

As **definicións** empregan diferentes **fórmulas** dependendo do tipo de palabras que queiramos definir:

- **Substantivo:** comézase a definición con outro **substantivo sen artigo**. (**Calcetín:** Peza de roupa para protexer os pés do frío).
- **Adxectivo:** úsanse **expresións** como «**relacionado con...**», «**pertencente a...**», «**que...**», «**dise de...**».
(**Contenta/o:** Que experimenta un sentimento de alegría.)
- **Verbo:** **empézase** cun **verbo**, tamén **en infinitivo**. (**Bailar:** Mover o corpo ao ritmo da música.)



Exemplos:

Padrón: lista dos habitantes dunha vila ou cidade, xunto cos seus datos.

Multicolor: que ten moitas cores.

Desculpar: perdoar unha equivocación ou un erro de alguén.

Pon en práctica

3. Completa as definicións cos comezos adecuados dependendo do tipo de palabra:

pa (substantivo): _____ formada por un mango e unha parte plana que serve para recoller substancias como a terra.

ímprobo (adxectivo): _____ esforzo ou traballo moi grande ou excesivo.

fachendear (verbo): _____ unha persoa algo con moito orgullo.

prófugo (adxectivo): _____ persoa que foxe da xustiza, da policía ou de calquera autoridade.

nuclear (adxectivo): _____ núcleo.

nubrar (verbo): _____ o ceo con nubes.

inmune (adxectivo): _____ está protexido contra unha enfermidade.


coxa (substantivo): _____ perna que vai do xeonllo ata as virillas.

courelao (adxectivo): _____ procede do Courel.

duelo (substantivo): _____ entre dúas persoas para solucionar entre elas unha ofensa.


papar (verbo): _____ rápido e con moitas ganas.

4. Crea as definicións para este encrucillado:



1. CANSO:
2. NÉBOA:
3. BALEIRO:
4. REMEXER:
5. SOPRAR:
6. XEMA:

5. Crea as definicións para o encrucillado relacionado co material escolar:

Material escolar			
			
Mochila	Estuche/Estoxo	Bolígrafo	Lápiz/Lapis
			
Goma	Afilalápiz/Afialapis	Regla/Regra	Compás
			
Rotulador	Ceras	Tijeras/Tesoiras	Pegamento
			
Grapadora/Grampadora	Celo/Cinta	Libro	Libreta/Caderno
			
Diccionario/Diccionario	Folios	Cartulinas/Cartolinas	Carpeta

				2			
1	L	A	P	I	S		4
			E				C
		3	G	O	M		A
			A				R
			M				T
			E				O
			N				L
			T				I
			O				N
							A

1. LAPIS:
2. PEGAMENTO:
3. GOMA:
4. CARTOLINA:

Lingua e sociedade

As linguas do mundo: un mundo de linguas

A **capacidade** que temos os humanos **para comunicarnos** maniféstase nunha gran **diversidade de linguas**. Calcúlase que se falan no mundo unhas **6.000** distribuídas entre 200 países. Polo tanto, **o habitual** é que haxa **países multilingües** (onde se falan **varias linguas**) e **non países monolingües** (onde só se fale **unha lingua**).


As linguas que teñen semellanzas entre si forman familias lingüísticas. Deste xeito, podemos construír unha especie de árbore xenealóxica de cada unha delas. Case todas as linguas coñecidas agrúpanse en familias lingüísticas. **A lingua** que serve de **orixe** é a **lingua nai** e as súas **descendentes** son as **linguas fillas**, que **entre si son linguas irmás**. Por exemplo, a **familia** das **linguas románicas** está formada polas **linguas** que **proceden** do latín: **romanés, galego, castelán, catalán, italiano, portugués...**

As **linguas oficiais**, como o **galego** e o **castelán en Galicia**, **úsanse en todos os ámbitos** (**situacións formais**: escola, administración, medios de comunicación; **e informais**: familia e amigos), mentres que as que non gozan dese recoñecemento só se empregan no ámbito familiar e informal, como a maior parte das linguas indíxenas ou o asturiano en Asturias.



Unha **lingua oficial** é a que **está recoñecida legalmente** como **lingua dun estado**.

Por **exemplo**, en **Francia** fálanse varias linguas (francés, occitano, bretón...) mais o estado só recoñece como **oficial** o **francés**. Por outra parte, **o romanés** é **lingua oficial** en **Romanía e Moldavia** (neste último territorio chámase "lingua moldova").




AS LINGUAS DE ÁFRICA

África foi colonizada no século XIX por países europeos que buscaban a súa riqueza natural e foron impoñendo as súas linguas (inglés, francés...) sobre as nativas. **A lingua máis estendida no norte** é o **árabe**. Nos **países** que están **ao sur do Sáhara** a **lingua con máis falantes** é o **suahili**. Un exemplo de país multilingüe é Nixeria (con máis de 300 linguas).

LINGUAS DE AMÉRICA

En América aínda se falan máis de 500 linguas indíxenas, pero moitas deixaron de usarse porque se estenderon as linguas dos conquistadores europeos: inglés, francés, portugués e castelán. Entre as linguas nativas máis faladas están: o **quechua** (lingua do imperio inca) e o **guaraní**.

A familia en quechua



LINGUAS DE ASIA E DE OCEANÍA

En Asia, as linguas con máis falantes son o **chinés** (China) e o **hindi-urdu** (falado na India e en Paquistán). Nestes países tamén levaron os colonizadores linguas como o francés ou o inglés. En **Oceanía**, podemos destacar linguas nativas como o **maorí**.



Vocabulario temático

Que é o dicionario?

Dicionario: libro que recolle as **palabras** dunha lingua co seu significado e **ordenadas alfabeticamente**.

O **alfabeto** ou **abecedario** é un **conxunto de letras** que se **representan os sons** dunha lingua. O alfabeto galego consta de **vinte e tres letras** e **seis dígrafos** (conxunto de dúas letras):




LETRA	a	b	c	d	e	f	g	h	i	l	m	n	ñ	o	p	q	r	s	t	u	v	x	z
Nome	a	be	ce	de	e	efe	gue	hache	i	ele	eme	ene	eñe	o	pe	que	erre	ese	te	u	uve	xe	zeta

DÍGRAFO	ch	gu	ll	nh	qu	rr
Nome	ce hache	gue u	ele dobre	ene hache	que u	erre dobre

Como buscas e que información atopas?

Palabra guía: palabra que aparece destacada na marxe superior de todas as páxinas do dicionario. Ao abrir o dicionario por calquera páxina atopamos como palabra guía o **primeiro termo definido nesa páxina** e, na **páxina do lado**, a da **dereita**, a palabra guía coincide co **último termo definido**.

Entrada: cada **palabra do dicionario** seguida da súa **definición** e doutras **informacións**. Esas **informacións** presentanse baixo a forma de **abreviaturas**.



Palabras
guía

Fíxate nesta **entrada**:

miúdo, miúda **adx.** **1.** Moi pequeno ou de pouco volume: *Era unha rapaza miúda, baixiña e delgada. Caía unha chuvia miúda.* **SIN.** Livián. **2.** Que ten pouca importancia: *Non te preocupes, que ese é un problema miúdo.* **SIN.** Lixeiro, insignificante **EXPR.** a miúdo Frecuentemente. polo miúdo **1.** Con todos os detalles: *Contounos a súa viaxe polo miúdo.* **2.** Dise da forma de vender en pequenas cantidades: *Nos comercios venden polo miúdo.* **SIN.** Ao retallo, ó retallo. **FAM.** Miúda, miudallo, miudanzas, miudeza, miúdo, miúdos.

No seguinte cadro podes ver as abreviaturas máis frecuentes nas entradas dun dicionario acompañadas da información que proporcionan. Repara na coincidencia de cores que che servirá para analizar o exemplo anterior:

Orde	Presentación	Información	
1º	(Abreviatura en cursiva e minúsculas) s. s. f. s. m. v. adx. adv. conx. indef.	Clase de palabra e xénero Substantivo Substantivo feminino Substantivo masculino Verbo Adxectivo Adverbio Conxunción Indefinido	
2º	1., 2., 3. ... (Numeradas con cifras en letra grosa*)	Acepcións	Distintos significados dunha mesma palabra. Poden ir seguidos de:
3º	(En cursiva*)	Exemplos de usos	Casos nos que se ve claro o uso da palabra cunha das acepcións.
4º	SIN., ANT. (Abreviatura en maiúsculas)	Sinónimos e antónimos	Palabras que teñen, respectivamente, significado idéntico ou oposto ao significado sinalado na acepción.
5º	EXPR. (Abreviatura en maiúsculas en grosa)	Expresións: en grosa e en minúsculas	Frases feitas nas que é usada esa palabra, a cal pode aparecer abreviada.
6º	OBS. (Abreviatura en maiúsculas)	Observación	Aclaracións de tipo ortográfico, gramatical, semántico... relevantes.
7º	FAM. (Abreviatura en maiúsculas)	Familia de palabras	Outras palabras que se forman a partir da palabra buscada, pertencentes á mesma familia léxica.

1. Sinala as palabras que están entre as **palabras guía**. **Ordénaas alfabeticamente**:

estético-estrofa: estoxo, estrumar, esterno, estrabismo, estrear, estética, estrada, estrondo, estiaxe, estudar.

2. Sinala nesta **entrada** os tipos de **información** que nos achega:

xugo s.m. 1. Obxecto de madeira que serve para unir polo pescozo ou pola cabeza dous animais de tiro, e ao que se suxeita o carro, o arado ou outro apeiro. **SIN.** Canga. Poder ou dominio que unha persoa exerce sobre outras: *O tirano tivo o pobo baixo o seuxugo.* **OBS.** Debe evitar usarse co significado de 'zume'. **FAM.** Xugada, axugar, subxugar.